

NOVA PRESENCIA DE CASTELAO

Por SALVADOR LORENZANA

Aló polos anos sesenta emprincipia a rexurdir en Galicia a presenza da obra de Castelao que tiña publicado —na súa meirande parte— nos finais da segunda década do século. Os escritores mozos comezaron daquela a saborear o seu estilo de dibuxante e de narrador; un estilo que, acentuado por unha nidia caricaturación dos caracteres afalagaba a sensibilidade cuns deseños e unha prosa rapsódicos e intencionados, nos que se refundían as afoutezas do realismo con certo persuasivo feitizo na descrición de feitos e de xentes.

O que era xa familiar pra xeneracións anteriores, amosaba tintes frescos de novidade pra os escritores novos. E foron así conociendo éstos, *Cousas*, *Os vellos non deben de namorarse*, *Os dous de sempre*, *Retrincos*, *Un ollo de vidro*, *Sempre en Galiza...*, e outras recopilacións da súa mesta colaboración en xornáis e revistas. A boga de Castelao impúxose así antre os lectores, gracias á fondura e amenidade galeguísima do artista, e ao salpimentado do seu inxenio.

A teima en presentar a obra —cernemente galega— de Castelao, semella indicar que o gosto polo realismo humorístico e o folgo do imaxinativo andan a se anovar con cada xeneración. E o artista rianxeiro poseía mesmamente a virtude de axuntar nunha mestura debecente as cruezas da realidade do seu país co engulipo dunha fantasía singularizadora.

Fillo dunha familia de emigrantes, Castelao conocéu de primeiras, e vivíu decote, as angueiras populares. Despóis dunha estada nas pampas arxentinas voltóu a Galicia i estudóu meiciña en Santiago. Sentidor das esencias máis auténticas da súa

terra e do seu pobo, incorporóuse de cheo ao grupo galeguista de Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Cabanillas e outros iniciados, de inspiración finisecular.

Castelao mergullóuse na vida popular de Galicia, sentindo as súas mágoas, as súas angurias, e albiscando tamén mañáns prometedoras pra o seu país. O dibuxo humorístico, principalmente, foi pra el a escada de cristal pola que descéu ao máis fondo da alma do pobo. E a cabalo do humor guindóuse cara as aventuras reivindicadoras do espírito autóctono con rexa vocación.

A Galicia de Castelao é, xa que logo, unha Galicia enxebre, auténtica, sinceramente viva; unha Galicia que, fiel ás súas esencias, sinte unha xusta xenreira contra de todo o que é falso e antihumán. Os tristes, os asoballados, os que naceron con mal pé cobran figura e realce nos deseños do artista. O aceno humorístico, o tono poemático, o trazo caricatural erguen á tona aos gargulantes persoaxes que poboan o taboado dos seus dibuxos. Mais chega un intre no que todas as realidades se esborrallan. A risa era só unha carantoña coa que Castelao cobría o seu narís pra escusar as súas bágoas.

Malia as sotilezas coas que gostaba de se adobiar, o galeguismo de Castelao era, de certo, moi primario. Era a súa fe unha fe de neno, a súa dór, a dór das xentes sinxelas. Un home do pobo non sentiría doutro xeito. Nas súas máis puras ideas, nos seus pulos máis afervoados, o xenial rianxeiro será pra sempre, seguirá sendo, moi pobo, homíldoso pobo.

¿É cándido é o intre no que podemos imaxinar a Castelao máis Castelao? ¿Cál aquél que acorda máis coa súa figura? Dexérgamos ao home sentado, por exemplo, na pedra dunha corre道ira, diante dun cruceiro; está un algo canso de percorrer os vieiros da nosa paisaxe na percura de temas pra o seu arte. Dexérgámolo tamén peleríñando polos camiños do mundo, carregado coa saudade da ausencia, espaxando a emoción dunha fe que se non amolecéu endexamáis. E dexérgámolo afundíndose nos eidos da creación pra facer carne de verdade a sustancia latexante da espiritualidade galega. Albiscámolo, ao cabo, soñando porvires, precedindo mañás de liberdade pra a Galicia que tanto amóu.

Esa Galicia amada por el ten que se facer un mundo de xusticia, de progreso e de paz. Concordes con este espírito, os homes

do país deberán rexeitar todo artificio encobridor da súa persoa-lidade diferenciada, e terán que traballar nunha discipriña de identificación cos propios valores e cos valores auténticos da cul-tura universal. Daquela traspirá na alma galega un afán de creación nova, de vitalísimo rexurdimento, e ampla e gozosa ro-maxe polas estradas liberadoras.

O lector intelixente da obra de Castelao reconece mesmamen-te nela talentos considerables e unha xenerosa indinación de moralista social, tanto na pintura dos feitos como na captación dos rasgos máis espresivos de cada persoaxe. Outra particula-ridade singularizadora do autor é o seu tino pra bautismar ás súas criaturas coas notas máis axeitadas e reveladoras da súa fisonomía moral.

Castelao foi, esencialmente, un grande dibuxante cun faiscar de aguzado humorismo. Dos seus sentimentos de solidariedade humá testemuña a súa obra toda. Dende o miradoiro do seu arte a súa ollada pescudadora sorprendéu as caciquerías e as inxus-ticias do mundo que lle tocóu vivir. Nos sobrios deseños sobre temas sociáis, de política ou de arte e literatura, atopamos de-cote observacións e imaxes de peculiar fondura e brillante realismo.

Persoalmente, o xenial dibuxante foi un suxeto de orixinal feitizo, de espresión intelixente, o tono efusivo e zumbón. Puxo na súa vida toda unha frebil fremencia. Tivo, ademáis, un bené-fico influxo en libertar á lingua galega dos vincallos cos que tencionaban encorsetala algúns puristas. Era, xa que logo, un home íntegramente rexo, un carácter que enxamáis claudicóu, quezáis porque nunca andivo á percura do éxito minúsculo. Fi-nóuse lonxe da súa terra, pero quedóu inmortalizado no pen-samento de Galicia: polo brío do seu cerebro orientador, pola norma da súa existencia exemplar, pola doutriña do seu apos-tólico credo.

A vida de Castelao atinguíu unha grande unidade, porque toda ela estivo chea de fundamentáis preocupacións, e o inter-sante dos anos vinte en Galicia radica en que houbo homes "preocupados". Sin eso, as sociedades e máis as épocas pasan carentes de senso histórico. Porque preocupación denota "ten-sión" individual que, dalgún xeito, convírtese en colectiva. Cando se non dá tal fenómeno a sociedade é flebe espiritualmente: non existen valores.

A preocupación e a vitalidade criadora que Castelao puxo de manifesto, sinala unha das xeirás máis xurdias da nosa terra. O pulo que o artista lle deu á galeguidade exercéu un trascendente influxo nos meios espirituáis e sociáis da súa época e nos tempos de despóis. Cantos amamos a Galicia ben sabemos dos merecementos da grande figura desaparecida. O seu volume humano, a súa persoalidade inconfundible resistiron doadamente todos os ataques zoupóns. Impuxo a súa obra con tipos humanos de amplo voo e desgarrado berro, e cantou o amor como manantío fecundo de vida. Emporiso a súa obra sigue intacta, con aquel gosto lírico e humorista, tenro e humano, e coa mesma galeguidade universalizada do primeiro intre. I é que o home Castelao ten obrado, ademáis, como unha podencia unitiva, suscitadora de franca e liberal irmandade. Baixo do seu nome, ergueito xa ao símbolo puro dunha corrente moral e intelectual, todos poden folgadoamente acobillarse; todos aqueles que seipan comprender o vencello que xungue ao artista coa terra natal e o mensaxe que levóu aos seus contemporáneos e á posteridade.

Imaxinamos nestora ao artista nos seus derradeiros días. A súa alma sentíase alagada entón de luz da mañá. Unha fonda soedade envolvíao, quezáis, naquelas horas desacougadas. ¿Qué agardaba Castelao do mundo? Todo debía ser intimidade, evocanza, lembranza. Cun albor desconocido debéu dexergar o gran rianxeiro a súa traxeitoria, inda que sempre fiel a uns principios, ondeante, diversa, o "corsi e recorsi" —por empregar a terminoloxía de Vico— de toda existencia humana. Nesta ondeación, nesta sucesión de momentos diversos, ¿cáles foron os puntos onde converxía o misterioso fluír da vida interior? Todo o ollaría Castelao cunha máxica transparencia na hora da lembranza e da derradeira despedida. O que primeiro dexergaría cos ollos húmidos sería quizáves a súa nenez. Velahí a primeira constante daquela vida: o prodixio da infancia. Pero o importante pra a historia galega foi o que da súa mocidade e da súa madurez legóu ás xentes do seu país: ideáis liberáis e ideáis de liberación, de liberdade. No arte e na vida do escritor e do dibuxante estas ansias fondas, estes ideáis han persistir.

¿Qué albiscaron os seus ollos no intre final ao sentir rachada a súa alma pola acedume que lle espertaba a terra lonxana? A ausencia da patria, o sentimento da ausencia, a saudade que se fai sangue, alento e vida imperecedeira do seu arte baterían

fundamente nel. Todo debéu ser unha evocanza anguriada, un perenne anxeiar do lonxano país natal. Todo o espírito de Castela viraría darredor desa ansiedade doorosa, todo tería o seu centro nesas soedades do mundo nutricio. Hoxe, o home, o artista, o escritor, constituíndo unha rexa unidade, figuran xa inxeridos como un diamante de nidia luz no noso millor clasicismo. E o homenaxe que se lle pode rendir, como máis eficaz, é o de seguir, avivecer e anovar esa tradición por el restaurada, cos pés ben firmes na terra entrañable e os ollos postos na altura da súa lección.